




# BOLETÍN INFORMATIVO

MAIO 2012

1. AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA EMPRESAS E PARTICULARES:
  - A. SUBVENCIÓNS DESTINADAS A INCENTIVAR O TURISMO ACTIVO, ACTIVIDADES DE LECER E TEMPO LIBRE.
  - B. SUBVENCIÓNS PARA O APOIO AO EMPRENDEMENTO FEMININO (PROGRAMA EMEGA)
  - C. PROGRAMA DE FOMENTO DAS INICIATIVAS EMPRENDEDORAS E DE EMPREGO (I+E+E)
2. PROXECTO DO DECRETO POLO QUE SE REGULAN OS FURANCHOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

APE-GALICIA



## AXUDAS E SUBVENCIONS PARA EMPRESAS E PARTICULARES:

### A. SUBVENCIONS DESTINADAS A INCENTIVAR O TURISMO ACTIVO, ACTIVIDADES DE LECER E TEMPO LIBRE:

**OBXECTO:** financiar os investimentos para incentivar a implantación da oferta complementaria de **turismo activo, actividades de lecer e tempo libre**.

**BENEFICIARIOS:** Empresas (pemes) autónomas ou as constituídas baixo calquera tipo de sociedade mercantil, civil ou comunidade de bens, do Sector Turismo que reúnan os requisitos establecidos nestas bases e sexan titulares dos establecementos nos cales se poidan realizar os investimentos obxecto de subvención. A actividade turística para a que se solicita a axuda deberá estar inscrita na **Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia (REAT)**

#### LIÑAS DE AXUDA E FINANCIACIÓN:

**Liña A)** Mellora das infraestruturas para o desenvolvemento de actividades hípcas, náuticas, golf e oferta turística complementaria. Máximo de axuda de ata o 40% do orzamento subvencionable, ata 250.000 euros.

**Liña B)** Adquisición e/ou renovación de material para a práctica das actividades obxecto da convocatoria bicicletas, piraguas, embarcacións, material golf, sendeirismo, material para centros BTT, etc.). Máximo de axuda de ata o 40% do orzamento subvencionable, ata 100.000 euros.



**Liña C)** Creación de novas ofertas. Gastos de promoción e difusión, así como ferramentas ou aplicacións web para a promoción e comercialización dos produtos en sitios web propios ou de terceiros (webs, redes sociais ou blogs), específicos dos produtos desenvolto. poderán acadar un máximo de axuda de ata o 40% do orzamento subvencionable, ata 60.000 euros.

**PRAZO PRESENTACIÓN SOLICITUDES:** Ata o 06/07/12

**MAIS INFORMACIÓN:** [http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120606/AnuncioC3C1-310512-0003\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120606/AnuncioC3C1-310512-0003_gl.html)

### B. SUBVENCIONS PARA O APOIO AO EMPRENDEMENTO FEMININO (PROGRAMA EMEGA):

**OBXECTO:** Incentivar as **mulleres emprendedoras de Galicia** para a posta en marcha, mellora ou reactivación de iniciativas empresariais.

## LIÑAS DE AXUDA E FINANCIACIÓN:

1. **Liña Emprende:** axudas económicas para estimular a **posta en marcha** de iniciativas empresariais e a **creación de emprego feminino** por conta propia e allea.

- Prima de 12.000 euros ás empresas que creen dous postos de traballo por conta propia ou un posto por conta propia e un posto por conta allea con contrato indefinido para mulleres.
- Prima de 18.000 euros ás empresas que creen máis de dous postos de traballo por conta propia para mulleres.
- Prima de 20.000 euros ás empresas que creen dous postos por conta propia e un posto por conta allea con contrato indefinido para mulleres.
- Prima de 22.000 euros ás empresas que creen dous postos por conta propia e dous postos por conta allea con contrato indefinido para mulleres.



2. **Liña Innova:** axudas económicas para a realización de **melloras innovadoras** nas empresas lideradas por mulleres que comparten a creación de emprego feminino estable e de calidade e a mellora da competitividade.

- Prima básica de 15.000 euros por empresa.
- Prima de 18.000 euros ás empresas que, ademais do emprego obrigatorio fixado na base 3, creen un posto de traballo por conta allea con contrato indefinido para outra muller.
- Prima de 22.000 euros ás empresas nas cales existan máis de dúas traballadoras autónomas e se cree, ademais do emprego obrigatorio, un posto de traballo por conta allea con contrato indefinido para outra muller.

3. **Liña Activa:** axudas económicas para favorecer a **reactivación e consolidación de empresas lideradas por mulleres** (medidas de renovación, relanzamento, ampliación ou cambio de localización da actividade)

- Prima de 6.000 euros ás empresarias autónomas.
- Prima de 12.000 euros ás sociedades constituídas por dúas promotoras e ás empresarias autónomas, sempre que, neste último caso, se manteña ou, no seu defecto, se cree un posto de traballo con contrato indefinido para outra muller.

- Prima de 18.000 euros ás empresas que manteñan ou creen máis de dous postos de traballo por conta propia para mulleres.
- Prima de 20.000 euros ás empresas que manteñan ou creen dous postos por conta propia e un posto por conta allea con contrato indefinido para mulleres.
- Prima de 22.000 euros ás empresas que manteñan ou creen dous postos de traballo autónomo e dous postos por conta allea con contrato indefinido para mulleres.

4. **Liña Concilia:** apoio á conciliación do exercicio profesional coa vida persoal e familiar dirixido ás empresas que acceden a calquera dos programas anteriores. Para as promotoras con fillos/as menores de tres anos.

- Prima básica de 3.000 euros por empresa con promotoras con fillos/as menores de tres anos.
- Prima de 5.000 euros por acordo ou convenio de conciliación.
- Prima de 1.000 euros por contrato de teletraballo, para mulleres ou homes, co máximo de 5.000 euros.



**PRAZO DE PRESENTACIÓN:** 22/06/12

**MAIS INFORMACIÓN:** [http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120522/AnuncioC3C1-140512-0004\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120522/AnuncioC3C1-140512-0004_gl.html)

### C. PROGRAMA DE FOMENTO DAS INICIATIVAS EMPRENDEDORAS E DE EMPREGO (I+E+E):

**OBXECTO:** Xerar emprego estable, especialmente de mozos e mulleres, apoiando e dinamizando o desenvolvemento de novas iniciativas empresariais promovidas por persoas desempregadas con especial atención aos concellos do rural galego.

**LIÑAS DE AXUDA E FINANCIACIÓN:**

#### **1. Subvención á xeración de emprego estable:**

Os postos de traballo de carácter indefinido creados, incluídos os das propias persoas promotoras, ocupados por persoas desempregadas incentivaranse, ata un máximo de dez, cada un deles coas seguintes subvencións:

- Desempregados en xeral: 4.000 euros.
- Mozos desempregados de 30 ou menos anos: 5.000 euros.
- Mulleres desempregadas: 5.000 euros.

- Mozas desempregadas de 30 ou menos anos: 5.600 euros.
- Persoas desempregadas que esgotasen a prestación por desemprego, persoas desempregadas de longa duración, persoas emigrantes retornadas, persoas desempregadas pertencentes a colectivos en risco ou situación de exclusión social e persoas desempregadas con discapacidade: 6.000 euros.

## 2. Subvención financeira.



Redución dos xuros de préstamos necesarios para a creación e posta en marcha das empresas tendo en conta que, como mínimo, o 75% do préstamo deberá destinarse a financiar investimentos en inmovilizado material ou intanxible.

Esta subvención será como máximo de catro puntos do tipo de xuro fixado pola entidade financeira que conceda o préstamo. O importe desta subvención deberá destinarse á amortización do principal do préstamo.

## 3. Subvención para a asistencia técnica:

A asistencia técnica poderá consistir nas modalidades de formación e realización externa de estudos e informes sobre a actividade.

Contía da subvención de ata o 75% do custo dos servizos recibidos, cun límite máximo de 12.000 euros polo conxunto das modalidades de asistencia técnica previstas.

## 4. Subvención para o inicio da actividade:

- Financiamento dos primeiros gastos da actividade : ata 2.400 euros por cada emprego subvencionable, ata un máximo de dez.
- Para as persoas desempregadas de longa duración e as persoas desempregadas con discapacidade a contía desta subvención será de ata 3.600 euros.
- Para as persoas desempregadas que esgotasen a prestación por desemprego a contía desta subvención será de ata 4.800 euros.
- Serán subvencionables os gastos de constitución da empresa, a compra de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos, arrendamento do local, de maquinaria e de equipos informáticos, gastos do seguro do local, publicidade e subministracións.



## 5. Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras:



Subvención do 75% do custo dos servizos de gardería, ata un máximo de 3.000 euros, para os promotores que sendo titulares dunha familia teñan fillos menores de tres anos.

Poderán ser beneficiarias as empresas polos promotores que obtendo a subvención á xeración do emprego estable, sexan titulares de familias monoparentais ou na que os dous cónxuxes realicen unha actividade laboral e estean dados de alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

Incremento do 25% das cuantías máximas deste programa nas empresas que teñan o seu centro de traballo en municipios das provincias de Lugo e Ourense.

### BENEFICIARIOS:

Empresas privadas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, agás as persoas físicas, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas e sociedades laborais, sempre que cumpran as condicións e os requisitos establecidos nesta orde para cada tipo de axuda e nas cales concorran, na data do seu inicio de actividade, as seguintes circunstancias:

- Que sexan empresas de nova creación.
- Que sexan viables técnica, económica e financeiramente.
- Que xeren emprego estable para persoas desempregadas.
- Que teñan o seu domicilio social, fiscal e o seu centro de traballo nun concello de Galicia.
- Que sexan promovidas, como máximo, por cinco persoas e que entre os socios ou as socias promotoras non figure ningunha persoa xurídica.
- Que a empresa teña un capital social máximo de 120.202 euros.
- Que como mínimo o 50% do seu capital social sexa de titularidade dos promotores e promotoras que sexan persoas desempregadas que creen o seu propio posto de traballo na empresa.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN:** ata o 30/09/12

### MAIS INFORMACIÓN:

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120328/AnuncioCA05-160312-13620\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120328/AnuncioCA05-160312-13620_gl.html)

## PROXECTO DO DECRETO POLO QUE SE REGULAN OS FURANCHOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA:

A regulación dos furanchos é un dos temas que APE Galicia está a tratar, xunto coas Asociacións que a compoñen, dentro do programa de traballo mantido en contra da economía somerxida e o intrusismo profesional. Tratouse, en concreto, o pasado 30 de Maio co Sr. Presidente da FEGAMP, D. José Manuel Rey Varela, nunha reunión á que asistiron membros de APE Galicia, ATRA, Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería de A Coruña e APREVAR.



O resumo que se expón a continuación é un borrador da Secretaría Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que cando sexa aprobada conformará o marco no que os Concellos se deberán basear para regular esta tradicional actividade:

**DEFINICIÓN DE FURANCHO:** Adegas cuia actividade sexa a de subministrar mediante prezo o viño excedente do consumo propio que proceda exclusivamente dos seus viñedos e que non excederá dos 1000 litros.

Os Concellos autorizados poderán regular na súa Ordenanza Municipal as zonas concretas do seu territorio onde se poidan autorizar estes establecementos.

### REQUISITOS A CUMPRIR:

Requisitos sanitarios do Capítulo III e Capítulos do V ó XII do Anexo II do Regulamento 852/2004 de 29 de Abril relativo á hixiene dos produtos alimenticios.



O viño non poderá ser embotellado, senón que procederá directamente do barril.

Normativa vixente en prevención e protección contra incendios, accesibilidade e medidas sanitarias fronte o tabaquismo.

Antes de iniciar a tempada de funcionamento, deberán acreditar ter feitas as declaracións obrigatorias do sector vitivinícola. Deben ter regularizada a totalidade do viñado no Rexistro Vinícola de Galicia.

### INICIO DA ACTIVIDADE:

1. Acreditación da titularidade das viñas no Rexistro Vinícola de Galicia.

2. Declaración responsable do cumprimento de requisitos esixidos, que se acompañará de:
  - a. Fotocopia do DNI ou CIF.
  - b. Se a titularidade do establecemento correspondese a unha persoa xurídica: fotocopia compulsada da escritura de constitución da entidade.
  - c. Fotocopia do título ou contrato que acredite a dispoñibilidade do establecemento.
  - d. Documento que acredite ter contratado un seguro de responsabilidade civil, así coma o recibo de pagamento do mesmo.
  - e. Documento acreditativo das taxas correspondentes.
  - f. Proxecto técnico asinado por facultativo competente sobre o cumprimento en materia de prevención e protección contra incendios.
  - g. Copia da alta de declaración censal e empresarios (modelo 036) que permita a venda polo miúdo de viño de colleita propia.
  - h. Análise do viño posto á venda.
  - i. Memoria descriptiva da cantidade de viño posto á venda, número de barrís utilizados e capacidade dos mesmos.
  - j. Elección do período de apertura: Deberá estar comprendido entre o 1 de Decembro e o 30 de Xuño. Non poderá ser superior a 3 meses. En caso de querer modificalo, deberá solicitálo ante o concello.

#### ACTUACIÓN ADMINISTRATIVA DE COMPROBACIÓN:

O Concello comprobará o cumprimento dos requisitos nos **6 meses** seguintes á entrada da documentación.



A inexactitude, falsidade ou omisión dos datos declarados, a non presentación da declaración responsable ou o incumprimento de requisitos determinará a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade, sen perxuízo de responsabilidades penais, civís ou administrativas.

Co obxecto de facilitar o control, todos os furanchos terán un **distintivo oficial** que se lles renovará anualmente.

O Concello creará un **Rexistro de Furanchos**.

**PECHE ANTICIPADO:** Por **esgotamento ou falta de colleita**, non suporá a baixa na actividade, aínda que se debe comunicar ó concello para o rexistro de cerre



temporal. Os concellos poderán regular os supostos concretos de esgotamento e falta de colleita nas ordenanzas municipais.

#### **OBRIGAS DOS TITULARES DOS ESTABLECEMENTOS:**

1. Velar polo bo estado xeral das dependencias e servizos.
2. Informar sobre os servizos que se prestan, as condicións os prezos, e a forma de pagamento dos mesmos.
3. Ter follas de reclamación e facer entrega das mesmas cando se lles solicite.
4. Facilitar a accesibilidade ós establecementos, especialmente a persoas discapacitadas.
5. Exhibir nun lugar visible un ramallo de loureiro.
6. Contar cun seguro de responsabilidade civil que cubra os danos corporais, materiais e perxuizos económicos, acordos coa Ordenanza Municipal.



**TRANSMISIÓN:** O novo titular deberá comunicar a transmisión ó Concello.

#### **NOTIFICACIÓN DE CAMBIOS E COMUNICACIÓN DE PECHE DO ESTABLECEMENTO:**

Os titulares deberán **comunicar ó Concello** calquera cambio que afecte ó funcionamento do furancho, así coma o cesamento na actividade 10 días antes da data prevista do peche.

No suposto en que os furanchos **pasen a prestar servizos de restauración**, deberán clasificarse nalgún dos grupos de empresas de restauración recollidos no art. 77 da Lei 7/2011 de 27 de Outubro de Turismo de Galicia.

Poderá decretarse a baixa de oficio cando o Concello teña constancia do cesamento da actividade ou cando se deixen de cumprir algún dos requisitos esixidos.

**INSPECCIÓN:** Os concellos deberán vixiar e garantir o cumprimento das normas aplicables.

**INFRACCIÓN E SANCIÓN:** O incumprimento deste Decreto dará lugar á aplicación de normativa sancionadora vixente no ámbito das competencias sectoriais propias das administracións afectadas. Os Concellos regularán o réxime de infraccións e sancións, que en todo caso deberá respectar os seguintes termos:

*Infraccións leves: Multa de 100 € a 600 €. Prescripción en 6 meses:*

- Inexactitude, falsidade ou omisión dos datos contidos na declaración responsable.

- Modificación do período de apertura sen levar a cabo unha nova solicitude ó Concello.
- Falta de comunicación ó Concello de cambio de titularidade e transmisión, ou calquera outro que afecte ó funcionamento do furancho, así coma o cesamento na actividade, e a motivación de ditos feitos.
- Non mostrar o distintivo oficial na entrada do establecemento

*Infraccións graves: Multa de 601 € a 1.200 €. Prescripción en 2 anos.*

- As que supoñan o incumprimento das obrigas dos titulares dos furanchos.
- O incumprimento das declaracións obrigatorias do sector vitivinícola.
- O suministro de viño embotellado ou non orixinado no excedente do consumo propio, e procedente exclusivamente de viñedos propios.
- A non presentación da declaración responsable, ou da documentación esixida.
- O incumprimento dos requisitos hixiénico sanitarios.
- A reincidencia en faltas leves.

*Infraccións moi graves: 1.201 € a 3.000 €. Prescripción en 3 anos.*

- Incumprimento de requisitos hixiénico sanitarios que supoñan un risco para a saúde pública.
- A prestación de servizos de restauración sen terse clasificado nalgún dos grupos.
- Reincidencia en faltas graves.

*Sancións accesorias ás multas:*

- Suspensión temporal de ata 6 meses das actividades, que poderá extenderse ata un ano: pola comisión de infracción grave que supoña un desprestixio de outras profesións do ramo, así coma dano irreparable para os usuarios
- Clausura definitiva por infracción moi grave da que se deriven consecuencias irreparables para os usuarios

*Suxeitos responsables:* O titular do furancho. En caso de ser varios, responderán de xeito solidario.

*Concorrenza de sancións:* non se sancionarán os feitos que xa fosen sancionados penal ou administrativamente en caso de identidade de suxeito, feito e fundamento.

**ADAPTACIÓN:** Aqueles establecementos que estean rexistrados coma furanchos conforme á normativa anterior a este decreto, terán 3 meses para a súa adaptación tras a entrada en vigor, procedéndose á cancelación da inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas.